



# A illa da soidade ou formas de encher o baleiro

ANTONIO TIZÓN

**Antonio Tizón (Aranga, A Coruña, 1960) é licenciado en Ciencias da Información.**

Traballou como xornalista e profesor nas agora chamadas Escolas de Arte e Superiores de Deseño. A miúdo escribe poesía, que acumula en volumes inéditos, entre os que destaca *Coplas analfabetas*, un romanceiro de autor, que está agora en proceso de adaptación musical. En 1996, editou un libro de relatos, *In medias res*, e o poemario *Ritmos*. En 2015 publicou en Edicións Xerais *A antesala luminosa*, primeira novela dunha tetraloxía, cuxa segunda entrega, *Os incurábeis*, será publicada nesa mesma editorial en 2017.

**T**an só a soidade permite descubrir o máis fondo e terríbel que hai en un mesmo, escribiu o home a modo de dedicatoria inicial tras poñer a palabra fin ao seu último libro. Sen dúbida, era a frase que mellor describía o proceso creativo daquela obra xa rematada. Nunca ata agora utilizara nesa busca incesante en que consistía a creatividade o recurso ambiental do illamento absoluto, neste caso un veleiro de catorce metros de eslora, case tres de manga e outros case tres de puntal, navegando pola inmensidade oceánica sen atracar en porto ningún nos dezasete meses que durou aquela experiencia vital e literaria. Recordaba con nitidez os últimos catrocentos setenta e seis días vividos sen ninguén á súa beira e, agora, xa sabía que era posíbel estar completamente só. Tivo bos e malos momentos. Ás veces pasouno en grande consigo mesmo, lendo só o que a soas escribía, e outras veces botou en falta os seus seres máis queridos. Pero, por todo o experimentado, en especial polo texto literario resultante, a travesía mereceu a pena, mesmo semellaba que aquel manuscrito podía moi ben pasar á historia como unha obra de culto. Porque xamais fora tan lonxe na súa loita por descifrar con palabras os temas que a el máis lle interesaban: o amor, a loucura, a salvación, a condena, o sentido da vida, a morte, a eternidade e, sobre todo, o tema da soidade, que o obsesionaba dunha maneira especial. Despois de tanto tempo de ser un home só, por fin chegou a hora de tomar o camiño de regreso cara á terra onde naceu. Abriu a botella de whisky especial e dispúxose a celebrar a culminación da súa primeira obra mestra. Foi pensar nela, mentres bebía con excesiva rapidez, e entrar nun estado progresivo de euforia, que xa coñecía á perfección, porque formaba parte do que a psiquiatría diagnosticaba como enfermidades mentais e a antipsiquiatría como maneiras de ser, coma se o cerebro fose o único órgano que non tiña dereito a enfermar.

Antes de emborracharse a conciencia, xa perdera a noción da realidade. As primeiras alucinacións non foron algo novo para el. Había moitos anos xa sufrira visións semellantes, mentres conducía só nunha noite de lúa chea. Daquela tratouse dunha especie de experiencia mística en que creu ver a Deus, que o tentaba coa gloria eterna, e ao Demo, que lle ofrecía a gloria na Terra a cambio da súa alma. Foi despois do seu primeiro éxito literario, cando andaba nun estado de euforia permanente que só logrou estabilizar coa

axuda da psiquiatría. Daquela tivo medo de seguir adiante coa súa fantasía e decidiu controlar a mente a base de pastillas e curas de sono que axiña o devolveron á realidade. Pero esta vez non quería tomar pastillas nin que un psiquiatra, ou un antipsiquiatra, frease a súa experiencia, coa terapia, a química ou a electricidade. Porque esta vez xa sabía que era posíbel sobrevivir completamente só sen caer na loucura e, se aínda había algo máis que descubrir dentro de si mesmo, esta vez estaba disposto a descubri-lo. De súpeto, cruzou de novo pola súa cabeza a mesma alucinación que tivera anos atrás, pouco despois do seu primeiro salto á fama. Entón levaba no coche un libro de relatos ao que, por fin, lograra harmonizar. Entón, só consigo mesmo igual que agora, non dilucidou a cuestión de a quen vender a súa alma nin a que prezo pero, antes de rematar a viaxe, tivo que elixir entre a publicación dos seus contos ou a vida da súa avoa, que morreu apenas foi editado o libro. E agora, só consigo mesmo igual que entón, de novo se lle presentaba o dilema alucinante de decidir sobre a vida e a morte, pero agora tratábase de elixir entre a vida da súa obra máis lograda ou a morte do seu ser máis querido. Axíña comprendeu que non podía desembarazarse dunhas palabras que só a el lle debían a vida pero que nin sequera el tiña dereito a quitarl-la. Leu algunhas daquelas palabras e foi coma se lle falasen ao oído dun mundo sublime ao que non estaba disposto a renunciar. Por nada nin por ninguén ía fulminar aquela obra, mestra, definitiva. Antes prefería morrer. Ou matar. A calquera que se interpuxese no seu camiño á gloria. A media Humanidade, se fose necesario. Á Humanidade enteira, se facía falta. Tivo que pechar os ollos para non seguir co seu delirio e tamén para entregarse ao sono reparador de todos os excesos.

Cando espertou, xa foi demasiado tarde. Resultaba imposible evitar o naufraxio do seu veleiro, que afundía sen remedio a non sabía cantas millas de calquera firme reconecido. Tivo o tempo xusto para despregar o bote auxiliar e poñerse a salvo. Mentres remaba cara a un punto moi remoto que interpretou como un horizonte de area esperanzadora, maldiciuse a berros por non acordarse de recoller o libro que tantos desvelos lle custara escribir. Porque por un momento pensou que naquela illa que cada vez se divisaba mellor podía necesitar aquel texto aínda máis ca a mesma auga ou a propia comida. Despois de moito esforzo, chegou exhausto á beira dunha costa onde se apalpaba no vento excesivo a presenza fantasmal da morte e amarrou a embarcación á primeira rocha acondicionada que atopou, antes de acometer a misión, non sabía aínda se imposible, de sobrevivir naquela illa que semellaba deserta.

Pasou moitos días explorando un territorio que cada vez lle resultaba máis familiar sen dar con rastro ningún de vida humana. Ata que unha tarde, xa moi metido no interior da illa, tras recoñecer asombrado as paisaxes e os nomes das vilas da súa infancia, descubriu un que desbordou a súa capacidade de asombro, porque era o nome da terra onde naceu; iso sí, con algo que nunca vira antes: un letreiro inmenso onde se podía ler un texto, engadido quen sabía cando, que agochaba un dilema nada doado de descifrar para o home atónito: "San Epitafio, a illa da soidade ou formas de encher o baleiro".

O home dirixiuse cara ao camposanto e comprobou que seguían intactas, coas datas correspondentes, as tumbas dos seus antepasados. E preguntouse, angustiado, incapaz de concibir algo semellante, que

pasou na Terra nos últimos dezasete meses, mentres el acometía en solitario a odisea de escribir no medio do Atlántico. A imaxe dun mundo evacuado por algún motivo descoñecido incrustouse no seu cerebro. Pensou con espanto que se atopaba só no Universo. E, agora, estaba xa no límite dun ataque de pánico. Porque unha cousa é permanecer de maneira voluntaria un ano e medio en illamento absoluto e outra cousa é vivir para sempre completamente só, sen ninguén que che fale nin a quen falar, nada que ler nin a quen lerlle nada. E deseguido preguntouse se, nestas circunstancias, merecía a pena dedicarse á literatura. Porque, de que escribir e para quen? A quen lle interesa o amor se xa non hai na terra ninguén coa posibilidade de namorarse? A quen lle interesa a morte se xa non queda no mundo ningún ser vivo? Quizais aínda podería escribir sobre a loucura e a soidade, os destinos que o esperaban. Ou quizais a súa única salvación sería inventar temas novos e tratalos con palabras xamais escritas na historia da literatura. Pero, de que servía a literatura nunha vida onde non hai ninguén que comparta as palabras nin palabras que compartir con ninguén?

O verdadeiro dilema presentábaselle agora, no máis fondo e terrible de si mesmo, cando o home aínda ignoraba se era posíbel sobrevivir nunha illa deserta, imaxinando formas de encher o baleiro, e cando xa sabía que calquera camiño de regreso que tomase conducía só á soidade ■

A handwritten signature in white ink on a dark background. The signature reads 'Antonio Izón'. The word 'Antonio' is written in a cursive style, and 'Izón' is written in a more stylized, blocky font. There are several diagonal lines crossing the signature, some of which appear to be part of the signature itself or decorative strokes.

“A illa da soidade ou formas de encher o baleiro” forma parte dun libro de relatos en proceso de revisión e reescritura, aínda sen data comprometida de edición.